




# PRIMAVERA EN ENCIÑA DA LASTRA II

## Ruta polo val do Sil (Covas-Vilar da Silva)

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 12 km  
**Dificultade:** media  
**Duración:** 3-4 horas


### Covas - Vilar da Silva – Covas

Esta ruta circular duns 12 km entre as localidades de Covas e Vilar da Silva polas abas da serra que dan ao río Sil combina todas as variantes da serra en xeral: aciñeiral, soutos, hortas... co ambiente máis húmido, propiciado polo propio río, os espazos abertos e soleados dos pasteiros, e a posibilidade de achegarse de preto ás paredes de calcarias nas que se asentan as especies máis características deste tipo de hábitat. Para poder gozar de toda esta incomparable variedade propoñemos unha ruta circular con desvíos, cos que podemos totalizar entre 15 e 17 km. No traxecto atoparemos detalles etnográficos, nas construcións e nos cultivos; históricos, restos de explotacións industriais (forno de cal e canteira); varios miradoiros desde os que contemplar fermosas e amplas panorámicas, do val do Sil, das paredes que limitan o encoro de Penarrubia, da serra en xeral e do entorno de Valdeorras; e multitude de plantas pouco comúns fóra deste espazo.

### COMO CHEGAR:

A camiñada podémola comezar en Covas, en Vilar da Silva ou nun punto intermedio á beira da estrada nacional, pasada a canteira que se atopa á dereita da estrada despois do cruce de Vilar da Silva sinalizado como “punto de encontro”. Esta ruta pódese partir en dúas cortando polo camiño que sube desde o forno do cal ao punto de reunión, ao pé da estrada (1,3 quilómetros de pendente bastante forte)

Comezando en Covas. Saímos da estrada nacional no desvío a Covas e alí mesmo, á esquerda, atópase un miradoiro donde podemos deixar o coche. Desde el baixamos á localidade, e antes de entrar nela, á esquerda da pista, temos a aciñeira máis grande da Galiza. Cruzamos a localidade e seguimos, por entre os cultivos, o camiño da estación do tren; preto da estación o camiño fai unha curva, e xusto dela sae un ramal á dereita polo que temos que seguir, nel atoparemos un miradoiro e máis adiante o forno do cal, cincocentos metros despois do forno un desvío á dereita, só para facer a pé, levaranos por dentro do bosque e con tramos de pendente pronunciada, a Vilar da Silva. (Antes de coller o desvío a Vilar da Silva podemos seguir pola pista que un pouco máis adiante baixa en dirección ao río e, a catrocenos metros, á esquerda do camiño, xusto nunha curva á dereita moi pechada, podemos ver unha cova.) Cruzamos a localidade de Vilar de Silva e collemos a estrada que sube, onde atoparemos o miradoiro que hai por enriba da localidade, e cen metros despois un desvío á esquerda da estrada que sube cara ás paredes calcarias. Continuamos dous km máis pola estrada, que pasa ao pé dos pasteiros, e case ao chegar á estrada nacional, un desvío á dereita que nos leva ao punto sinalizado como punto de reunión. Seguindo ese camiño pasamos por enriba do túnel da estrada, donde atopamos outro miradoiro, e cun quilómetro e medio máis, pasando por enriba da boca do túnel de Covas, rematamos a viaxe.



Paredes do canón do río Sil.



Ponla con follas e froitos de *Acer monspesulanum*, unha pequena árbore que, na Galiza, só se atopa neste espazo.



*Aceras anthropophorum*. Na Galiza só se atopa nesta zona e no Courel.



*Ophrys purpurea*.



*Aporia crataegi* sobre unha orquídea *Dactylorhiza markusii*.


As orquídeas teñen neste espazo unha ampla e variada representación, con especies únicas.



*Leuzea conifera*



*Ophrys sphegodes*. Unha das orquídeas que imitan a forma dos insectos para atraer aos polinizadores.



Escarpes calcarios de Vilar da Silva, nos que se asentan un gran número de especies de interese.



*Petrocoptis grandiflora*. Medra nas fendas das paredes verticais calcarias. Está considerada en perigo de extinción.



Estevas (*Cistus ladanifer*).



*Armeria rothmaleri*. Unha herba de namorar, endémica de Enciña da Lastra, que se desenvolve en paredes calcarias.



*Jasminum fruticans*. Un xazmín silvestre que na Galiza só se atopa nas zonas calizas do val do Sil.



Uvas de lagarto (*Sedum...*)



*Rhamnus legionensis*. Arbusto que se asenta nas nas fendas e medra achegado ás paredes dos cantís calcarios, endémico da zona e en perigo.



*Anthocharis euphenoides*. Bolboreta rara no territorio galego, pero que se pode ver en bo número, na primavera, en Enciña da Lastra.



Panorámica xeral da serra de Enciña da Lastra desde os altos de Vilar da Silva.